

LUGAR, MEMORIA E PROXECTO

Galicia 1974-1994



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Electa

Fotocomposición
EFCA, S. A.

Fotomecánica
Compoarte

© Consello da Cultura Galega

© 1995 **Sociedad Editorial**
Electa España, S. A.
C/ María Francisca, 10
28002 Madrid
ISBN: 84-8156-087-1
Depósito legal: M. 16.890-1995

José Javier Suances Pereiro,
César Portela Fernández-
Jardón,
Pascuala Campos de Miche-
lena
Colexio no Cumial, 1969

Plano do consunto.

Sección.

Trátase dun centro de ensino con capacidade para 432 alumnos, dos cales 36 poden permanecer en réxime de internado.

Ó enfrontarnos con este proxecto xurdiron unha serie de problemas que poden resumirse en como conseguir un espazo en que unha comunidade de rapaces e adultos (alumnos e profesores) puidesen albergarse e intercambiar experiencias proveitosas para ámbolos dous a nivel de igualdade e en plena liberdade. Esta idea tradúcese nun grande espazo interior, centro de reunión e corazón do edificio. Como complemento destas relacións humanas fundamentais, faise necesario o ensino dunha serie de materias específicas, para o cal se descompoñen unha serie de espazos menores, independentes. Así mesmo, unha serie de necesidades en materia administrativa e de residencia dan lugar á creación doutra serie de espazos menores, que van xurdindo arredor do espazo principal, traducíndose en volumes ó exterior. Dito doutro xeito, trátase da formación dun "container", onde interiormente se ordenan as funcións básicas, segundo un esquema organizativo diversificado e envolto por unha pel externa que persegue un claro esquematismo, case sen sutilezas formais.

Esta obra, a través do tempo, sufriu diversos avatares, pasando de colexio a sala de festas e, ultimamente, a hotel, que destrozaaron o espírito da súa orixe, pero aínda así, este espazo foi capaz de amoldarse a programas tan dispares.



